

## [Contra o matrimonio]

*San Antonio bendito,  
dádeme un home,  
anque me mate,  
anque me esfole.*

Meu santo San Antonio  
daime un homiño,  
anque o tamaño teña  
dun gran de millo.

Daimo, meu santo,  
anque os pés teña coxos,  
mancos os brazos.

Unha muller sin home...  
santo bendito!,  
é corpiño sin alma,  
festa sin trigo,

pau viradoiro,  
que onda queira que vaia  
troncho que troncho.

Mais en tendo un homiño,  
Virxe do Carme!,  
non hai mundo que chegue  
para un folgarse;

que, zambo ou trencó,  
sempre é bo ter un home  
para un remedio.

Eu sei dun que cobisa  
causa miralo,  
lanzaliño de corpo,  
roxo e encarnado;

carniñas de manteiga,  
e palabras tan dóses  
cal mentireiras.

Por el peno de día,  
de noite peno,  
pensando nos seus ollos  
color de ceo;

mais el, xa doito,  
de amoriños entende,  
de casar pouco.

Facé, meu San Antonio,  
que onda min veña  
para casar connigo,  
nena solteira;

que levo en dote  
unha culler de ferro,  
catro de boxe,

un irmanciño novo  
que xa ten dentes,  
unha vaquiña vella  
que non dá leite...

Ai, meu santiño!  
Facé que tal suceda,  
cal volo pido.

San Antonio bendito,  
dádeme un home,  
anque me mate,  
anque me esfole.

Que, zambo ou trencó,  
sempre é bo ter un home  
para un remedio.

(De *Cantares gallegos*)

Decides que o matrimonio  
é santo e bueno; seraio,  
mais non casou San Antonio  
por máis que o mesmo demonio  
tentouno a face-lo ensaio.

Celicios cantos poder,  
penitencias a Dios dar,  
mais santo n'houbo a meu ver  
que dos casados quixer  
ca pesada cruz cargar.

Nin os santos padres todos,  
de quen tes tantos escritos  
e alabas de varios modos,  
quixerón naqueles lodos  
meter os seus pés benditos.

Do dereito, do rivés,  
matrimonio un dogal es;  
eres tentazón do inferno;  
mais casarei... pois no inverno,  
non ter quen lle a un quente os pés...!

(De *Follas novas*)



## Xan

Xan vai coller leña ó monte,  
Xan vai a compoñer cestos,  
Xan vai a poda-las viñas,  
Xan vai a apaña-lo esterco,  
e leva o fol ó muiño,  
e trai o estrume ó cortello,  
e vai á fonte por augua,  
e vai á misa cos nenos,  
e fai o leite i o caldo...  
Xan, en fin, é un Xan compreto,  
desos que a cada muller  
lle conviña un polo menos.  
Pero cando un busca un *Xan*,  
casi sempre atopa un *Pedro*.

Pepa, a fortunada Pepa,  
muller do Xan que sabemos,  
mentras seu home traballa  
ela lava os pés no rego,  
cátalle as pulgas ó gato,  
peitea os longos cabelos,  
bótalles millo ás galiñas,  
marmura co irmán do crego,  
mira se hai ovos no niño,  
bota un ollo ós mazanceiros

e lambe a nata do leite  
e si pode bota un neto  
ca comadre, que agachado  
traillo embaixo do mantelo.  
E cando Xan pola noite  
chega cansado e famento,  
ela xa o espera antre as mantas  
e ó velo entrar dille quedo:

—Por Dios, non barulles moito...,  
que me estou mesmo morrendo.  
—Pois que tes, ña mulleriña?  
—Que hei de ter? Deita eses nenos  
que esta *madre* roe en min  
cal roe un can nun codelo  
i ó cabo ha de dar comigo  
nos terrós do simiterio...  
—Pois, ña Pepa, toma un trago  
de resolio que aquí teño  
e durme, ña mulleriña,  
mentras os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos  
de Xan ó ver tales feitos,  
mas non temás que antre mil  
n'hai máis que un anxo antre os demos;  
n'hai máis que un atormentado  
antre mil que dan tormentos.

(De *Follas novas*)